

A stylized illustration of a stage. At the top, there are red curtains with a scalloped edge. Four spotlights are mounted on the ceiling, casting a bright white light onto the center of the stage. The stage floor is dark grey with a white rectangular area in the center. On the right side of the stage, there is a brown podium. On the left side, there is a stand with three spotlights. The background is a solid red color.

Avaliación da **residencia** de  
**Chévere** en TEO

## CONTEXTUALIZACIÓN

A solicitude desta avaliación foi realizada directamente polo Grupo Chévere, interesado en coñecer o grao de satisfacción que de forma xeneralizada existe entorno ao seu traballo e atendendo á súa vez ao interese do propio Concello de Teo por analizar o impacto da estratexia de xestión cultural levada a cabo dende o ano 2011.

O punto de partida desta avaliación remontase ao mes de xaneiro do ano 2011 no que o Grupo Chévere se converte en Compañía Residente do Auditorio da Ramasolla, a través da sinatura dun Convenio de colaboración no que ambas partes asumen diferentes compromisos e responsabilidades.

As premisas e características do modelo residente, aínda que non sempre con esta denominación, configuran o eixe vertebrador do tecido teatral en países como Alemaña, Francia e Inglaterra pero en España non existe unha traxectoria madura con respecto a implantación deste modelo, que comeza a utilizarse en maior medida a partir do ano 2007.

Defínense as compañías residentes como aquelas que se vinculan a espazos escénicos concretos, públicos ou privados, coa contraprestación de levar a cabo unha programación anual cun número determinado de espectáculos e actividades culturais.

Ademais da residencia vinculada a ocupación dos espazos no que a Compañía residente é *inquilina permanente* sen custes asociados ao usufruto dos mesmos, tamén existe a residencia vinculada a percepción de financiación ou apoio público á hora de solicitar subvencións, axudas ou atopar patrocinadores privados.

No caso de Galicia o modelo de Compañías residentes foi regulado no ano 2009 por Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais) contando coa aceptación e participación da Administración autonómica e local.

No ano 2009 existían catro compañías residentes:

- Sarabela Teatro, en Ourense,
- Teatro do Morcego, en Narón,
- Teatro de Ningures, en Cangas do Morrazo,
- Cabo Sam Lourenzo- pertencente ao Grupo Chévere- (Sala Nasa), en Santiago de Compostela,

Todas elas excepto a Sala Nasa, utilizaban un modelo mixto mediante o cal recibían apoio na financiación dos seus espectáculos – a través das subvención que se convocaban nas ordes de axudas ás industrias culturais de Agadic e concesión de axudas dos orzamento municipal aprobados para cultura- e ao mesmo tempo contaban coa ocupación dos espazos culturais municipais.

No caso da Sala Nasa que foi compañía residente en Santiago dende o ano 2009 ata o ano 2011, utilizaba un espazo privado, polo que o concepto de Compañía residente estaba vinculado á programación de actividades no Concello de Santiago obtendo como contraprestación financiación- a través de axuda e/ou subvención- para algúns dos seus espectáculos.

No ano 2013 mantéñense as compañías residentes de Narón e Ourense e o Grupo Chévere no Concello de Teo.

O modelo das compañías residentes aposta por crear emprego estable, optimizar o uso de espazos públicos, potenciar a vida teatral no eido local, mellorar as estruturas de creación e difusión cultural, promover unha programación anual estable, crear proxectos pedagóxicos, ampliar os colectivos aos que se achega o teatro etc.

Neste senso, a fórmula da residencia da resposta ás dificultades das compañías á hora de atopar un espazo no que poder crear, ensaiar e gardar o material escénico, á vez que constitúe unha plataforma para chegar as artes escénicas aos cidadáns abordando así as súas demandas culturais.

## ALCANCE E METODOLOXÍA

Esta avaliación deseñouse e levouse a cabo atendendo a un dobre obxectivo:

1. **Por unha banda, analizar o grao de satisfacción do público e axentes que participan directa ou indirectamente co Grupo Chévere.**

Neste caso, deseñouse unha avaliación cunha dobre perspectiva:

*Formativa*, neste caso a identificación de axentes chave cos que falar é fundamental, xa que as súas opinións, suxestións, e críticas son incorporadas ao informe plantexando conclusións e alternativas a ter en conta para o traballo futuro do Grupo Chévere. Así pois a ferramenta utilizada neste caso para obter a información foi a **ENTREVISTA PERSOAL**, que se realizaba en base a un guión ou cuestionario que contiña preguntas abertas e que garantía ao equipo técnico acceder as necesidades de información requéridas e ao mesmo tempo acotar o tempo de resposta.

Os axentes chave identificados foron:

1. Tecido asociativo,
2. Persoal técnico municipal,
3. Partidos políticos da oposición,
4. Equipo de goberno,
5. Prensa cultural
6. Agadic
7. Actores e actrices
8. Empresas colaboradoras (sector hostalería e cultural)
9. Outras persoas e entidades colaboradoras

Contactamos cun total de 24 persoas e entidades e finalmente conseguimos realizar un total de 13 entrevistas.

*Sumativa*, ten un carácter finalista e está destinada a analizar o impacto e resultado final do traballo realizado neste último ano polo Grupo Chévere, neste caso ademais da información obtida nas entrevistas recorreremos a información complementaria aportada pola realización de **ENQUISAS**.

Realizáronse enquisas entre a poboación do Concello de Teo, en dúas quendas, unha a principios de decembro e outra a finais de xaneiro, a maior parte delas en Cacheiras e Os Tilos e en menor medida na Ramallosa. Agora ben, compre sinalar que nas entrevistas captouse a poboación residente en zonas rurais que nese momento se atopaba en centros comerciais, cafeterías, supermercados etc. Tamén se realizaron enquisas ao público asistente a unha actuación que se levou a cabo no Auditorio da Ramallosa, co obxectivo de poder diferenciar a valoración e percepcións do público que coñece e que máis ou menos está fidelizado por parte do Grupo Chévere con respecto á poboación xeral.

### **2. Pola outra banda, analizar o grao de cumprimento do programa e compromisos establecidos entre o Grupo Chévere e o Concello de Teo.**

Neste caso, optouse por utilizar a metodoloxía propia das auditorías para identificar as desviacións e incidencias entre o planificado inicialmente (compromisos) e o executado ( programación realizada).

Para iso analizouse a documentación de Chévere relativa á programación e entrevistouse ao persoal do Concello de Teo.

Esta dobre perspectiva da avaliación é o eixe vertebrador deste informe que se estrutura en dous bloques principais.

## ANÁLISE DE RESULTADOS

# NIVEL DE COÑECEMENTO E GRAO DE SATISFACCIÓN DAS ACTIVIDADES DE CHÉVERE

A continuación recompilamos toda a información, tanto cualitativa como cuantitativa, extraída ao longo de todo o traballo de campo que se levou a cabo ao longo do proceso de avaliación.

Para facilitar a lectura do informe, a realización de conclusións xerais e poder chegar alternativas ou propostas concretas para o Grupo Chévere, así como para o Concello de Teo, optouse por estruturar a información obtida en 5 apartados diferentes, conforme aos seguintes elementos de análise:

- Residencia
- Programación
- Comunicación
- Colaboración
- Satisfacción

Así cada apartado ou bloque contén todas as aportacións, percepcións e suxestións aportadas por todos os axentes chave que foron entrevistados e enquisados, concentrando a información e establecendo patróns de opinión que representan a maioría e que polo tanto son totalmente extrapolables.

Tamén se sinalan citas literais e opinións individualizadas, que se ben non son representativas e carecen, polo canto, da posibilidade de facelas xenéricas ou categóricas comprende sinalar, polos seguintes motivos:

- para que todas as persoas que participaron neste traballo de campo se sintan reconfortadas e identificadas cos datos que se recollen neste informe.
- porque aportan información, aínda que sexa puntual, que se considera relevante ou de interese.

- este tipo de opinións- tanto en positivo como en negativo- permiten personalizar e aportar carácter a este documento final, aínda que delas non se poidan extraer propostas ou suxestións concretas para o Grupo Chévere ( que ao final é o obxectivo deste traballo).

En calquera caso, os indicadores utilizados para determinar se a información se incluía ou non neste informe foron o impacto, a cobertura e o alcance da mesma.

Por último, todos os apartados teñen o mesmo contido ou estrutura:

- Preguntas formuladas para obter a información que se detalla nese apartado (para que resulte máis fácil contextualizar o tipo de información que aparecerá no apartado sinálanse as preguntas, tanto dos guións das entrevistas como dos cuestionarios utilizados nas enquisas, que comparten variable de análise.
- Conclusións xerais e patróns de opinións entorno aos principais factores analizados (que son os que realmente aportarán a información que necesita o Grupo Chévere, para poder establecer propostas de mellora, identificar os seus puntos fortes, coñecer a percepción entorno ao seu traballo etc.)
- Recompilación das citas literais máis representativas, singulares ou chamativas (garantindo sempre o anonimato e a confidencialidade das mesmas)

## CHEVERE COMO COMPAÑÍA RESIDENTE EN TEO

1. Sabías que Chévere é a compañía residente do Concello de Teo? (pregunta realizada a poboación xeral e ao público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa)
2. Consideras apropiado que o Concello de Teo aposte polo Grupo Chévere como compañía residente ? Por qué? (pregunta realizada á poboación xeral, público do Auditorio, tecido asociativo, entidades colaboradoras co Grupo Chévere, axentes culturais e persoal técnico do Concello de Teo)
3. Sabes como funciona unha compañía residente? (pregunta realizada á poboación xeral, público do Auditorio, tecido asociativo, entidades colaboradoras co Grupo Chévere e persoal técnico do Concello de Teo)

4. Calés foron as motivacións que vos levaron a contar con Chévere como compañía residente? (pregunta realizada ao persoal político do Concello de Teo)
5. Tendo en conta a experiencia con Chévere consideras que ter unha compañía residente no Concello é unha boa fórmula de xestión cultural? ((pregunta realizada ao persoal político do Concello de Teo, entidades colaboradoras, axentes culturais e entidades públicas)
6. Consideras que a presenza de Compañías residentes podería mellorar a oferta cultural dos concellos galegos? ((pregunta realizada a axentes culturais e entidades públicas)
7. Cal crees que é o impacto que ten a existencia dunha compañía residente sobre a poboación do Concello? (pregunta realizada á entidades colaboradoras co Grupo Chévere, persoal técnico e político do Concello de Teo e axentes culturais)
8. Consideras positiva a existencia de Compañías Residentes en Galicia? (axentes culturais e entidades públicas)
9. Percibes melloras con respecto ao equipamento que tiña antes da modificación que levou a cabo Chévere? pregunta realizada a poboación xeral e ao público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa)
10. Como valorarías o equipamento do Auditorio da Ramallosa? pregunta realizada a poboación xeral e ao público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa)

## Coñecemento, valoración e impacto da residencia

A residencia de Chévere no Concello de Teo é valorada moi positivamente por todos os axentes entrevistados e polo 65% da poboación enquisada, porque se establece unha relación directa entre este feito e a ampliación da programación cultural, a publicidade e a capacidade de atracción que supón para a poboación, tanto teense como dos Concellos limitrofes, e porque se entende que é unha fórmula moi apropiada para achegar o teatro e a cultura á poboación local e que ao mesmo tempo permite integrar a comunidade na planificación cultural, atendendo a demandas e necesidades concretas, como por exemplo a programación de actividades en centros escolares.

Algúns dos efectos positivos que se consideran provocados directamente pola residencia de Chévere en Teo son:

1. Incremento da calidade e cantidade das actividades programadas.
2. Posicionamento do Concello de Teo no mapa cultural galego, ao contar cunha compañía residente recoñecida pola súa traxectoria e que foi premiada en varias ocasións.
3. Repercusión da axenda cultural teense en Concellos como Santiago de Compostela e A Estrada.



Canto aos aspectos negativos da residencia de Chévere en Teo están vinculados á percepción dun elevado custe económico e ao risco de xerar fractura entre poboación local destinataria das accións e a compañía residente, que de producirse, complicaría moito a actuación no territorio porque dificulta a captación de poboación ao mesmo tempo que incrementa as reticencias e desconfianzas.

As causas que motivan esta situación ou problemática son as seguintes:

1. En realidade, no fondo da cuestión está a percepción de que o orzamento que o Concello de Teo tiña dispoñible para promover e fomentar actividades culturais se está a centralizar na compañía residente.
2. Ao mesmo tempo, advirtese un elevado grao de politización nos discursos, que afecta directamente ao grao de valoración e á identificación de aspectos positivos e negativos da residencia de Chévere en Teo.

Unha necesidade que ao mesmo tempo se identifica como unha das solucións posibles, entre outras que haberá que deseñar, é mellorar a transparencia e o grao de información que se achega á poboación xeral e, en particular, ao tecido asociativo para canalizar o malestar entre algunhas asociacións e poboación local que considera que se está a priorizar a entidades foraneas en detrimento das actividades culturais ou de ocio que se organizan dende o eido local.

Compre comunicar ao tecido asociativo dos motivos que realmente conlevan unha menor dotación para a realización de actividades por parte das asociacións teenses, vinculado a redución de fondos públicos que proveñen das subvencións e non unicamente a presenza de Chévere como compañía residente.

As necesidades de información ampliáanse a outros eidos, como por exemplo aos acordos que se estableceron vía convenio entre Chévere e o Concello de Teo e as motivacións que levaron a firmar dito acordo; xa que existe un elevado nivel de descoñecemento do alcance da residencia, das implicacións da mesma e das ventaxas que derivan do modelo de compañía residente.

Relacionado con isto, debemos sinalar que ao longo do traballo de campo realizado detectamos que a poboación teense está bastante desinformada con respecto a presenza estable de Chévere no Concello sendo descoñecedora da súa participación na programación de actividades.

As enquisas realizadas corroboran esta percepción xa que a poboación que sabe que Chévere é compañía residente en Teo, representa o 35% sobre o total enquisada, ao mesmo tempo tamén hai poboación que sabe da existencia dunha compañía de teatro vinculada ao Auditorio da Ramallosa, pero non sabe que é o Grupo Chévere.

Isto á súa vez pode considerarse un efecto da relación que existe entre o concepto de compañía residente e a ocupación dun espazo e dotación de recursos económicos, a maioría das persoas coas que se falou descoñece o que significa e implica ser unha compañía residente, polo que unha vez máis se incide na necesidade de trasladar e de achegar información concreta das contraprestacións duns e outros, do orzamento destinado a este proxecto (tamén se detectou información contradictoria neste eido), dos motivos polos que se conta cunha compañía residente etc.

De feito, e como consecuencia do anterior, entre a poboación que coñece a Chévere como compañía residente de Teo, moita incluso forma parte do público fidelizado do grupo de teatro herdado dos anos de traballo na Sala Nasa, existe descoñecemento acerca das aportacións técnicas e do investimento que Chévere realizou no Auditorio da Ramallosa.

Se ben é certo que a maioría ( entorno ao 59%) identifica as melloras no equipamento actual con respecto ao anterior e de forma xeneralizada a valoración do equipamento é boa ou moi boa.

Precisamente o investimento que Chévere realizou nas instalacións do Auditorio resultou un factor que motivou ao Concello de Teo, aínda que este non é o factor determinante, a apostar por unha compañía residente, por unha banda porque as necesidades técnicas son identificadas por persoal experto garantido así que os medios engadidos son os oportunos e pertinentes , e por outra banda porque a nova infraestrutura pode ser utilizada por outras entidades que realizan actividades no Auditorio sen ningún tipo de coste engadido.

Analizar o impacto actual da residencia de Teo entre a poboación do Concello resulta bastante complicado pola polarización das respostas, ou se considera escaso ou moi elevado, sen atopar demasiadas posturas intermedias.

En todo caso existe un elemento común e compartido por todos os axentes cos que falamos, que é pouco tempo o que Chévere leva no territorio como para facer valoracións do impacto que terá a súa presenza.

No que respecta as perspectivas de futuro son moi boas, tanto para os que consideran que xa se ven os efectos como para aqueles que opinan que de momento Chévere é unha descoñecida entre a poboación.

Tamén coinciden en que o impacto depende directamente das actividades programadas e da oferta concreta.<sup>1</sup>

<sup>1</sup> A información relativa a actividades e oferta analízase no apartado seguinte Programación cultural.

## A residencia como fórmula de xestión cultural

A pesar do descoñecemento das implicacións que supón que Chévere sexa a compañía residente, esta fórmula é considerada moi apropiada no eido local pola maioría dos axentes entrevistados, sempre que se teñan en conta as necesidades e demandas da poboación na programación realizada.

Identifícase o modelo como beneficioso tanto para o Concello de Teo como para a propia compañía, porque permite garantir a estabilidade na programación cultural e que esta non dependa do orzamento municipal, a maioría das persoas dan por sentado, logo, que a residencia implica a realización de actividades aínda que non coñecen o alcance desta contraprestación ( número e tipo de actividades que se teñen que desenvolver).

Por outro lado, os axentes vinculados ao eido cultural, as entidade colaboradoras e o persoal do Concello percibe a residencia como un modelo eficiente para reducir custes e ampliar a oferta cultural, xa que non sería posible contratar todas as actividades que realiza Chévere por separado por unha cuestión de límite presupostario e de xestión municipal.

Como contrapartida nas enquisas realizadas á poboación tamén nos atopamos con poboación que percibe a residencia como un gasto innecesario e que debería de ser secundario, se ben é certo que se trataba de persoas que non asistían con frecuencia a espectáculos e actividades culturais e amosaban bastante desafección con respecto ao investimento en teatro, actividades artísticas e cultura por parte do Concello, porque non o consideran unha fonte de xeración de emprego nin de desenvolvemento económico.

Relacionado con isto, compre incidir na valoración realizada polo sector hostaleiro e da restauración que colabora con Chévere que considera que existe un incremento considerable no número de clientes e na recaudación do local cando se desenvolven funcións ou espectáculos no Auditorio da Ramallosa.

Finalmente, é necesario destacar que existe unha relación directa entre a confianza que xera a fórmula de residencia e as perspectivas de éxito da mesma, co feito de que sexa Chévere a compañía residente, o que ben motivado polos seguintes factores ( recollese practicamente literal das entrevistas):

- é unha compañía consolidada e con prestixio que ten un público fidelizado da Sala Nasa que a partir de agora se vai a trasladar a Teo, polo que garante xa un movemento e posicionamento cultural no noso Concello.
- o importante non é a fórmula de residencia senon o feito de contar cunha compañía como Chévere, que teñen espectáculos únicos e con moito atractivo, como por exemplo as Ultranoites e Berbechévere, e que ademais diversificou moito as actividades apostando tamén pola danza e a música.
- ata o de agora as actividades que organizaron tiveron moita afluencia e ao mesmo tempo o feito de que sexa coñecida e de que conte con actores e actrices moi valorados e premiados tamén pode axudar a captar poboación local que ata agora non se interesaba pola cultura.

A continuación recollense as premisas que deberían manterse e guiar a Chévere como compañía residente en Teo:

1. Coidar e manter a colaboración con todas as asociacións axudará a limar asperezas, evitar susceptibilidades e deixar de percibir á compañía como unha intrusa.
2. Xerar espectáculos que contribúan a manter a identidade local e nos que se teña en conta a idiosincrasia da cidadanía teense.
3. Descentralizar o teatro e incorporar os espazos dispoñibles nas parroquias para achegar á poboación a axenda e programación cultural.
4. Que a compañía se centre en dirixir e producir espéctáculos e actividades sen que iso derive en levar a xestión cultural do Concello.
5. Mellorar a comunicación e difusión dos acordos e motivacións que levaron ao Concello a contar cunha compañía residente ( notas de prensa, cartas as asociacións, publicación na web do Convenio etc).
6. Democratizar á fórmula mantendo e promovendo a posibilidade de compartir o Auditorio da Ramallosa con outras compañías de teatro e promovendo a participación e incluso contratación de profesionais locais.

**As citas ...**

As máis motivadoras:

*A compañía residente supón contar con maior programación cultural para o Concello. Ademais ao tratarse dun grupo como Chévere, que conta cunha longa traxectoria e cun público xa feito, tamén supón para o Concello de Teo unha boa publicidade, e incluso un luxo poder contar cunha compañía residente desta importancia.*

*O impacto entre a poboación foi inmenso, aínda que non pasou o tempo suficiente, agora hai moita xente que considera a axenda cultural de Teo como opción principal, ademais estase a achegar o teatro á xente que o descoñecía totalmente.*

*Ter unha compañía residente si é unha boa experiencia sobre todo coa programación que fixo Chévere, Ultranoite, actividades nos instituto, é dicir ahí hai moito traballo, e traballo ben feito.*

A máis técnica:

*A existencia de compañías residentes son moi positivas para garantir a evolución estética do teatro galego, e como forma de inserción do teatro coa comunidade para a que traballa.*

A máis críticas:

*O tecido asociativo deixa caer nalgúns sectores das directivas que hai unha substitución encuberta da cultura local de base pola cultura foránea (isto tamén ten que ver con que a nivel administración deixáronse de facer algunha cousa como o festival folclórico, actividades dentro das asociacións que antes si se facían ...).*

*Por moito que queiras favorecer a diversidade, e mellorar a excelencia da oferta artística non se educou nin se sensibilizou ás asociacións nin os públicos para unha mellor recepción concretamente desta compañía dende outros ámbitos que non fose o propio esforzo que está a facer Chévere co seu traballo de creación de público local.*

## PROGRAMACIÓN CULTURAL E ACTIVIDADES

1. Coñeces a programación que presentou Chévere ao Concello de Teo? ( pregunta realizada a entidades colaboradoras, axentes culturais, persoal técnico do Concello e entidades públicas)
2. Cal é a tua opinión entorno as actividades que levou a cabo Chévere no Concello de Teo ? pregunta realizada a entidades colaboradoras, axentes culturais, persoal técnico do Concello e entidades públicas)
3. Consideras que a presenza de Chévere mellorou a oferta cultural do Concello de Teo? (pregunta realizada a poboación xeral, público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa, tecido asociativo, entidades colaboradoras, entidades públicas, axentes culturais e persoal técnico e político do Concello)
4. Cales das seguintes actividades desenvoltas por Chévere coñeces? (pregunta realizada a poboación xeral, público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa, tecido asociativo,)
5. Como valoras, en xeral, a oferta cultural do Concello de Teo? (pregunta realizada a poboación xeral e público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa)
6. Que outras actividades che gustaría que organizase Chévere no Concello de Teo? (pregunta realizada a poboación xeral, público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa, tecido asociativo,)

### Coñecemento, valoración e impacto das actividades

A percepción que extraemos do traballo de campo é que de forma xeneralizada entre a poboación do Concello de Teo existe un elevado grao de descoñecemento das actividades de Chévere, a excepción da poboación que amosa unha participación activa da oferta cultural teense.

Aproximadamente o 42% da poboación teense coñece as actividades de Chévere, destacando como unha das máis coñecidas a Ultranoite.

Non podemos extraer un perfil da poboación desinformada con respecto a que sí o está, porque o tamaño da mostra non é suficientemente representativo como para establecer características sociodemográficas, a información que podemos aportar é a evidente: un nivel de descoñecemento maior nas zonas rurais, entre a poboación desvinculada do tecido asociativo e aquela que non participa activamente da vida pública do Concello, que son os principais prescriptores.

Como contrapartida, entre as persoas enquisados no Auditorio da Ramallosa si hai un elevado grao de coñecemento das actividades que organiza Chévere, concretamente o 94,7%.

Ao igual que entre o resto dos axentes que participaron nas entrevistas, todos coñecen as actividades e a programación de Chévere, tanto as de produción propia como aquelas que forman parte da programación do Concello de Teo.

Nalgúns casos participaron das actividades polo que a súa opinión sobre as mesmas e especialmente relevante, xa que está constituída en base a experiencia propia e non unicamente baseándose nas opinións da cidadanía que teñen cerca.

Existe unha valoración moi positiva das actividades e da programación realizada por Chévere, destacando os seguintes factores (recollese practicamente literal das entrevistas):

- a diversidade e o alcance tanto dende o punto de vista do formato, do público destinatario como dos espazos utilizados.
- a innovación e pluralidade de contidos que recollen nos espectáculos e que atenden un abano moi amplo de poboación.
- a calidade técnica e ao modo en que se conciben as actividades que fan que resulten moi atractivas e que incide directamente na afluencia e na asistencia.

## De cómo Chévere inflúe na oferta cultural

A oferta cultural de Teo está moi ben valorada por parte da poboación, os axentes culturais, tecido asociativo, entidades colaboradoras e persoal técnico e político do Concello coinciden en que a presenza de Chévere afectou moi positivamente e de forma moi salientable con respecto a oferta anterior, non só pola cantidade de actividades senón tamén pola calidade.

Así mesmo o 54% da poboación enquisada detecta unha evolución positiva na oferta cultura do Concello de Teo dende que Chévere é compañía residente.

Á pregunta consideras que a presenza de Chévere mellorou a oferta cultural do Concello de Teo? algunhas das respostas son (recóllense literalmente das entrevistas):

- A influencia de Chévere na oferta cultural de Teo é indiscutible.
- É evidente que si.
- Si, de forma moi considerable.
- Claramente si. Aínda que isto implica monopolizar un pouco os recursos económicos municipais destinados a cultura, o cal incide en que outros colectivos se sintan perxudicados.
- Sen dúbida. Sen a súa presenza sería impensable poder ter as sesións correspondentes das Ultranoite, as funcións de Citizen , as sesións de jazz ou as xornadas de danza. Non teríamos capacidade económica para traelas.

Finalmente en relación á programación de Chévere as actividades máis coñecidas e valoradas son:

1. A Ultranoite
2. Berbechevere
3. Citizen
4. As actividades realizadas no IES

## As citas ...

A que máis ilustra a compañía:

*No tocante a oferta de espectáculos de produción propia gústame os montaxes renovadoras e arriscados que fan, ese aire vangardista que sempre tiveron de abertos ó cambio, que foxen do habitual e do convencionalismo e que reflicten os problemas sociais reais, que fan que sexan moi Chévere, isto é o que os diferencia doutras compañías.*

A que aglutina a opinión xeneralizada:



*Considero que fixeron unha programación moi variada (concertos, ultranoites, teatro, obradoiros, didácticos....) e que se integraron moi ben ao Concello, achegando o seu traballo ao público e veciños de Teo, cas actuacións realizadas no Instituto, obradoiros do espectador en diferentes aldeas, concertos didácticos en centros socioculturais ....*

A máis construtiva e de futuro:

*A programación é boa pero poida que aínda non se lle sacara todo o rendemento posible.*

## COMUNICACIÓN E DIFUSION

1. Coñeces en xeral as actividades que Chévere desenvolve no Concello de Teo? (pregunta realizada a poboación xeral, público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa, tecido asociativo, entidades colaboradoras e persoal técnico)
2. Como consideras a comunicación e difusión das actividades ? (pregunta realizada a poboación xeral, público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa, tecido asociativo, entidades colaboradoras e persoal técnico)
3. A través de que medio te enterache da actividade ? (pregunta realizada a poboación xeral, público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa, tecido asociativo, entidades colaboradoras e persoal técnico)

A escasa información relativa a esta apartado, supón unha estrutura diferente e moito máis sinxela deste bloque, decidimos recompilar a información separada do apartado anterior porque é unha das principais debilidades ou áreas de mellora identificadas neste proceso de avaliación.

A maior parte do público que participa nas actividades que se organizan no Auditorio da Ramallosa coñece a actividade grazas ás redes sociais e ao boca a boca.

A raíz das conversas mantidas coas persoas enquisadas, conclúese que o descoñecemento das accións de Chévere é consecuencia da escasa repercusión das actividades de difusión- principalmente da cartelería- que realiza a propia compañía e así mesmo do grao de descoñecemento da programación que realiza o propio Concello.

Unha proposta que recollemos do traballo de campo é a elaboración dun boletín mensual en formato papel, no que se achegue a información sobre todas as actividades se realicen no Concello, coa descrición das mesmas, lugar de celebración, custe, inscrición etc.

No seu defecto sería unha alternativa que Chévere remitise este boletín en formato papel con todas as súas actividades as asociacións dos concellos.

En xeral a poboación considera que se utilizan poucos carteis e en lugares pouco visibles e recomendan que se repartan carteis nas perruquerías, supermercados, tendas e locais sociais das parroquias.

Por ultimo, compre sinalar a referencia de varias persoas enquisadas ao papel que realiza como dinamizador das actividades de Chévere o persoal da Biblioteca Municipal.

## REDES DE COLABORACION

1. Na actualidade Chévere colabora con diferentes asociacións culturais, entidades públicas e centros de ensino para ampliar a programación, realizar novos proxectos e chegar a máis colectivos. Como valoras esta colaboración? (pregunta realizada a poboación xeral e ao público asistente a unha das obras do Auditorio da Ramallosa)
2. Como valorarías a actitude do Grupo de Chévere de cara á colaboración e o aproveitamento de sinerxias? Porque? (pregunta realizada a entidades colaboradoras)
3. Como valorarías a profesionalidade do Grupo Chévere á hora de traballar conxuntamente? Porque? (pregunta realizada a entidades colaboradoras)
4. Estarías interesado en colaborar/seguir colaborando co Grupo Chévere? (pregunta realizada a entidades colaboradoras)
5. Que tipo de colaboración consideras que podes ter con eles? (pregunta realizada a entidades colaboradoras)

A colaboración coas asociacións, empresas e axentes do Concello é un aspecto valorado de forma moi positiva tanto como polas propias entidades coas que se esta colaborando, aínda que non se establezan acordos formais e se movan máis no eido informal.

A maior parte da poboación descoñece estes acordos, a pesar de que o 80% da poboación enquisada considera que é unha iniciativa boa ou moi boa.

Queda contrastado o interese en seguir colaborando con Chévere, apoiando a difusión das actividades, realizando actividades nos locais e incluso participar no deseño de actividades conxuntas

A principal proposta con respecto ás redes de colaboración, sería contar con grupos de teatro do Concello nalgunhas actividades, facer algún programa de actuacións nos que poidan participar actrices e actores teenses e permitir que outras compañías utilicen o equipamento que Chévere ten no Auditorio da Ramallosa.

## As citas ...

*Desde o primeiro día están en contacto con nos e ofreceron a súa axuda para o que nos fixera falta. Temos información de primeira man a través de correo electrónico de todos os proxectos e actuacións de Chévere.*

*Son boa xente e resulta moi fácil traballar con eles.*

## VALORACION E SATISFACCION ENTORNO A CHEVERE

1. Como valorarías a profesionalidade, o compromiso e a calidade do traballo do Grupo Chévere?
2. Cumpríronse as expectativas que tiñades con Chévere?
3. Nunha escala do 1 ao 5 cal é o teu grao de satisfacción xeral co Grupo Chévere?

Os axentes que participaron nas entrevistas definen a profesionalidade e o traballo de Chévere( recollese literalmente) como inmejorable, sobresaínte, excelente e a mellor posible.

Os aspectos máis valorados foron o compromiso, a seriedade, a innovación, o interese por integrar a poboación de Teo e a posta en marcha de proxectos educativos.

A valoración media de Chévere nunha escala do 1 ao 5 é un 4.

O cumprimento das expectativas xeradas é xeneralizado entre todos os axentes no que respecta as actividades, rexistrando un elevado nivel de satisfacción, pero non no que se refire á cobertura, porque chegar a determinadas capas de poboación é factor chave que ten pendente a compañía de teatro residente.

En todo caso, a desconexión coa poboación repercútese a que o proxecto aínda non ten a madurez necesaria e a que a andadura non é suficiente.

## DEMANDAS QUE NOS TRASLADARON

- Mellorar as relacións institucionais e traballar de xeito máis coordinada para crear sinerxías no territorio positivas poñendo en práctica novos canles e novos soportes que impliquen e fagan colaborar e xerar relacións máis positivas.
- Aproveitar a presenza de Chévere, a súa experiencia, traxectoria e proxección galega para fomentar a promoción de artistas locais.
- Retroalimentarse do patrimonio das asociacións e dos seus activos territoriais e poñelos en relación coas dinámicas creativas de Chévere.
- Retomar o "carné de tripulante", para que a xente se poida asociar e ter un carné que lle permita mercar entradas a un prezo algo máis barato e reservar.
- Organizar xunto coas asociacións e as persoas implicadas do Concello algún festival ou evento coparticipado.

- Descentralizar un pouco máis as actividades, levando a cabo máis accións nas parroquias.
- Realizar algún acto público no que se presente de forma integral o proxecto de Chévere, e os compromisos que son descoñecidos incluso para o persoal técnico do Concello.
- Establecer vantaxes especiais para a poboación teense, prezos especiais, descontos, actividades específicas, carné cidadán etc.

## ACTIVIDADES CONCRETAS ( non só para Chévere son tamén para o Concello de Teo)

- Teatro adaptado para a 3ª idade
- Talleres e obradoiros de teatro para non profesionais
- Clases maxistras de teatro para actores e actrices
- Teatro na rúa
- Circo
- Ciclos de cine

## GRAO DE CUMPRIMENTO DA PROGRAMACIÓN

### PLAN DE PRODUCCIÓN

<p>Producir un novo espectáculo cada ano (ensaios, estrea e funcións en Teo).</p>	
<p>Realizar tres Ultranoites cada ano (ensaios, estrea e funcións en Teo).</p>	<p>ABRIL 13V 14S 21S   AUDITORIO A RAMALLOSA ULTRANOITEO</p>
	<p>XUÑO 15V 16S   AUDITORIO RAMALLOSA ULTRANOITEO</p>
	<p>XUÑO 17D   AUDITORIO RAMALLOSA ULTRANOITEO SESIÓN VERMÚ</p>
	<p>XUÑO 17D   FOGAR DE SANTISO LUOU XANTAR DE ULTRANOITE</p>
<p>Programar outros espectáculos do grupo Chévere (Citizen: funcións en Teo).</p>	<p>NOVEMBRO 2V 3S   AUDITORIO RAMALLOSA ULTRANOITEO</p>
	<p>ABRIL 28S 29D   AUDITORIO RAMALLOSA CITIZEN TOTAL</p> <p>NOVEMBRO 8X   AUDITORIO RAMALLOSA I'LL BE WATCHING YOU</p>

Realizar actividades complementarias a estes espectáculos (obradoiros, campañas de promoción, ensaios abertos, exposicións...).	MAIO 20D   AUDITORIO RAMALLOSA OS IRMÁNS LUMIEIRA Programación teatro-danza-música
	PRESENTACIÓN CHÉVERE EN TEO + CONCERTO ORQUESTRA OS MODERNOS programación danza-teatro-música
	MARZO 19V   AUDITORIO RAMALLOSA XUNTANZA DUN GRUPO DE TRABALLO DE PROFESIONAIS DAS ARTES ESCÉNICAS GALEGAS
	SETEMBRO 24L   IES CACHEIRAS CONCERTO DIDÁCTICO DE JAZZ
	SETEMBRO 26M   A SENRA PONTEVEA JAM SESION JAZZ
	SETEMBRO 29S   AR CALO CONCERTO DIDÁCTICO JAZZ COA BANDA DE CALO
	SETEMBRO 30D   AUDITORIO RAMALLOSA PROGRAMA DE ACTIVIDADES-JAZZ
	DECEMBRO 4M 5M   IES CACHEIRAS OBRADOIRO DE DANZA CONTEMPORÁNEA PARA ADOLESCENTES
	DECEMBRO 14V   AUDITORIO RAMALLOSA OS DA RÍA: PRESENTACIÓN DISCO DÍSCOLO
	DECEMBRO 6X   AUDITORIO RAMALLOSA

## PLAN DE FORMACIÓN- SENSIBILIZACIÓN

<p>Obradoiro do Espectador con cada espectáculo programado, para todos os públicos.</p>	<p>Sesión de adestramento previa na Rede Municipal de Casas Comunais ou Bibliotecas Municipais.</p> <p>Asistencia a un espectáculo e coloquio co grupo</p>	<p>ABRIL 19X   CASA COMÚN OS TILOS OBRADOIRO DO ESPECTADOR</p> <p>ABRIL 20V   ASOCIACIÓN A MÁMOA LUOU OBRADOIRO DO ESPECTADOR</p>
<p>NanoTeo: campamento escénico para nenos e nenas de 12 a 15 anos.</p>	<p>Campamento de Verán, durante dúas semanas, de luns a venres.</p>	<p>AGOSTO DO 1 AO 14   AUDITORIO RAMALLOSA BERBERECHÉVERE Campamento de teatro de verán dixido a nenas e nenos de 8 a 12 anos</p>
<p>Teatro con perspectiva de xénero: sensibilización sobre igualdade e violencia de xénero.</p>	<p>Ser home por un día: obradoiros para mulleres (Rede Casas Comunais).</p> <p>I'll be watching you: concertos didácticos para alumnos do IES Cacheiras.</p>	<p>XUÑO 21X   AUDITORIO RAMALLOSA I'LL BE WATCHING YOU Sesión para alumnado IES Cacheiras</p>



# ANEXOS

- datos audiencia
- explotación estadística das enquisas

ESPECTADORES NAS ACTIVIDADES DE CHÉVERE EN TEO				
DATA	ACTUACIÓN	LUGAR	ESPECTADORES	
10 de marzo 2012	PRESENTACIÓN DA COMPAÑÍA RESIDENTE	Auditorio da Ramallosa	200 persoas	
14-15 e 21 de abril	ULTRANOITEO	Auditorio da Ramallosa	810 persoas	
19 de abril	OBRADOIRO DO ESPECTADOR	Casa Común-Biblioteca Os Tilos	10 persoas	
20 de abril	OBRADOIRO DO ESPECTADOR	A Mámoa-Luou	26 persoas	
28 e 29 de abril	CITIZEN TOTAL	Auditorio da Ramallosa	240 persoas.	
15 de maio	PROXECCIÓN DE CREBINSKY	IES CACHEIRAS	200 persoas	
20 de maio	OS IRMÁNS LUMIEIRA	Auditorio da Ramallosa	48 persoas	
15,16 e 17 de xuño	ULTRANOITEO	Auditorio da Ramallosa- Fogar do Santiso	624 persoas	
21 de xuño	I'LL BE WATCHING YOU	Auditorio da Ramallosa	150 persoas	
Do 1 ao 14 de agosto	BERBERECHÉVERE	Auditorio da Ramallosa	10 persoas	
24 de setembro	Encontro ao vivo con músicos de jazz	IES CACHEIRAS	180 persoas	
26 de setembro	Quartet	A SENRA CAFÉ (PONTEVEA)	22 persoas	
29 de setembro	Encontro ao vivo con músicos de jazz	SOCIEDADE RECREATIVA DE CALO	27 persoas	
30 de setembro	Xornada de JAZZ	Factor -E- Reset	Auditorio da Ramallosa	17 persoas
		FALADOIRO E CAFÉ	Santa Sede	27 persoas
		STRAIGHT, NO CHASER	Auditorio da Ramallosa	13 persoas
		CONCERTOS EXPRÉS	Auditorio da Ramallosa	34 persoas
2 e 3 de novembro	ULTRANOITEO	Auditorio da Ramallosa	545 persoas	
4 de novembro	MENORES DE 18 ANOS	IES CACHEIRAS	16 persoas	
6 de novembro	DANZA EN TEO	ASAMBLEA DE DANESGA	Auditorio da Ramallosa	21 persoas
		FAMILIAR A	Auditorio da Ramallosa	18 persoas
		FALADOIRO E CAFÉ	Santa Sede	32 persoas
		SEGUINDO OS PASOS DE	Auditorio da Ramallosa	35 persoas
		DANZA EXPRÉS	Auditorio da Ramallosa	118 persoas




## Grao de coñecemento de Chévere como compañía residente en Teo.


En xeral existe un amplo coñecemento da situación de Chévere como compañía residente no concello de Teo. Así, case o 60 % dos enquisados afirma coñecer esta circunstancia. Porén é destacable que o coñecemento desta situación é notablemente inferior entre os enquisados residentes en Teo (48,7%).

Así mesmo atópanse diferenzas moi significativas dependendo do lugar de realización da enquisa. Desta forma mentres que o 92,1% dos enquisados no teatro coñecen a situación de Chévere como compañía residente en Teo, só o 35,1% dos enquisados pola rúa saben desta circunstancia.

Por idades, o coñecemento é amplo entre as persoas con idades comprendidas entre os 30 e os 44 anos, cunha media do 67,9%, sen embargo é bastante inferior entre os enquisados con idades comprendidas entre os 18 e os 24 anos.

Cadro 3: Coñecemento de Chévere como compañía residente (%)





Fonte: Enquisas á poboación


## Idoneidade da aposta do concello por Chévere como compañía residente

Ante a pregunta *Consideras apropiado que o Concello de Teo aposte polo Grupo Chéver como compañía residente?*, a meirande parte da mostra respondeu positivamente. Desta forma o 41,1% dos enquisados o consideran *totalmente* apropiado seguido daqueles que o consideran *moito* ou *bastante* (24,2% e 25,3% da mostra, respectivamente).

Pola súa banda entre o residentes en Teo, tamén existe certo acordo acerca da positividade desta circunstancia xa que o 33,3% dos enquisados o consideran *totalmente* apropiado, o 15,4% *moito* e de novo máis do 30% *bastante* apropiado. Sen embargo cabe apuntar, que hai unha porcentaxe de residentes en Teo, aínda que pouco significativa, que non consideran positivamente esta circunstancia,. Entre as razóns aducidas entre os enquisados que opinan desta maneira está o feito de que consideran que o concello

podería investir os cartos noutros conceptos ou que se podería compartir o espazo con outros grupos teatrais, sen embargo cabe indicar que estas opinións foron moi puntuais.(seis enquisados).

**Cadro 4: Idoneidade da aposta do concello de Teo por Chévere como compañía residente (%)**



Fonte: Enquisas á poboación


## Opinión sobre a evolución da oferta cultural do concello durante o último ano


En canto á evolución da oferta cultural do Concello de Teo durante o último ano, máis da metade dos enquisados pensan que a evolución foi positiva, así máis do 30% está dacordo coa afirmación de que a oferta cultural mellorou *totalmente*, mentres que o 24,2% considera que mellorou *moito*. Porén é destacable a porcentaxe de enquisados que ante esta cuestión se acolle á categoría *non sabe/non contesta*, chegando ao 24,2%.

No que se refire á poboación residente, máis do 50% dos enquisados considera que a oferta cultural do municipio mellorou *totalmente* ou *moito* no último ano, mentres que o 17,9% consideran que mellorou *bastante* respectivamente. É significativa de novo, a porcentaxe de enquisados que se acollen á categoría de *non sabe/non contesta* ante esta pregunta.

Entre a poboación enquisada no auditorio todas as opinións ao respecto son positivas, superando o 60% as persoas que están *totalmente* acordo coa afirmación de que a oferta cultural mellorou no último ano. Tamén o 26,63% dos enquisados na rúa pensa que mellorou *moito*. Sen embargo, entre estes enquisados a resposta maioritaria atópase na categoría de *non sabe/non contesta*, con máis do 35%.

Cadro 5: Opinión sobre a mellora da oferta cultura no Concello de Teo no último ano (%)





Fonte: Enquisas á poboación


## Opinión xeral sobre a oferta cultural no Concello de Teo

Con respecto á opinión dos cidadáns respecto á oferta cultura no concello, en xeral existe unha percepción positiva xa que o 47,4% dos enquisados considéranla *boa*, seguido daqueles que a consideran *moi boa* (21.1%). No entanto, cabe destacar un certo descoñecemento da mesma, xa que o 18,9% da mostra enquisada posicionouse na categoría *Non sabe/non contesta*.

Pola banda dos residentes do concello a percepción xeral tamén positiva. Así pois, máis do 60% dos residentes enquisados considera que a oferta cultural do concello é *boa* e o 12,8% a consideran *moi boa*, no entanto cabe destacar que o 15,4% da mostra enquisada considera esta oferta *regular*.

Respecto á análise segundo o lugar de realización da enquisa, cabe indicar que entre a xente enquisada no teatro a percepción é moi positiva, así case o 80% da mostra consideran a oferta cultura de Teo *boa* ou *moi boa*. Porén, entre os enquisados na rúa, aínda que a opinión maioritaria segue sendo positiva (o 54,4% a consideran *boa*), existe certo descoñecemento sobre a mesma, pois case o 23% dos enquisados se acolle á categoría de *non sabe/non contesta*.

**Cadro 6: Opinión sobre a oferta cultura no Concello de Teo no último ano (%)**



Fonte: Enquisas á poboación




## Coñecemento das actividades do grupo Chévere no Concello de Teo


As enquisas mostran un regular coñecemento por parte da poboación das actividades desenvolvidas polo grupo Chévere no Concello de Teo. Así, tanto no caso da poboación en xeral como no caso dos enquisados residentes en Teo, a porcentaxe de persoas que afirman coñecer as actividades rolda o 55%.

No entanto, si se atopan diferenzas moi significativas segundo o lugar de realización da enquisa. Neste senso, mentres as actividades son coñecidas por máis do 75% dos enquisados no teatro, esta porcentaxe baixa ata o 42,1% dos enquisados na rúa.

Por idades, e ao igual que no caso da variable sobre coñecemento da existencia da residencia de Chévere en Teo, os enquisados con idades comprendidas entre os 30 e os 44 son os que acadan as porcentaxes afirmativas máis altas mentres que as persoas situadas nas franxas de idade inferior descoñecen xeralmente a existencia destas actividades. Así, case o 91% das persoas de entre 18 e 24 anos, descoñecen as actividades desenvolvidas por Chévere, se ben cabe indicar que a mostraxe neste grupo de idade é bastante reducida e esta porcentaxe pode chegar a non ser representativa.

Cadro 7: Coñecemento das actividades do grupo Chévere en Teo (%)






Fonte: Enquisas á poboación


No que se refire ao coñecemento das actividades concretas desenvoltas por Chévere en Teo, sen dúbida, a *Ultranoite* é a máis popular, xa que é coñecida por máis do 60% dos enquisados en xeral e por máis do 50% dos enquisados entre a poboación residente en Teo. Séguelle aínda que a bastante distancia o coñecemento sobre *Outros espectáculos de Chévere* con máis do 35% dos enquisados en xeral e o 23,1% dos residentes en Teo. Sen embargo, unha vez máis é importante a porcentaxe de enquisados que se acolle á categoría de *non sabe/non contesta*, sobre todo no caso dos residentes en Teo, superando o 40%.

Na análise realizada segundo o lugar de realización de enquisa conséntase que as *Ultranoite* son xeralmente coñecidas entre o público enquisado no teatro (94,7%), mentres que entre a poboación enquisada na rúa, e aínda sendo a actividade máis coñecida só acada o 38,6%. Neste senso, pódese afirmar que existe un descoñecemento xeneralizado sobre as actividades desenvoltas por Chévere en Teo, xa que a porcentaxe de persoas que se acollen á categoría de *non sabe/non contesta* supera o 50%.

Cadro 8: Coñecemento das actividades do grupo Chévere en Teo (%)\*



LUGAR DE REALIZACIÓN DA ENQUIZA




Fonte: Enquisas á poboación. (\*)  
 Porcentaxes verticais superiores  
 ao 100% por posibilidade de  
 resposta múltiple.

## Valoración da difusión e comunicación das actividades

En canto á comunicación e difusión das actividades, cabe indicar que esta variable é a menos valorada das analizadas ata o momento, aínda que segue a ser puntuada positivamente por case arredor do 38% dos enquisados, tanto no caso da poboación residente como da poboación en xeral (a consideran *boa*). Así arredor do 25% da mostra enquisada considera que a difusión das actividades é *regular*. Tamén é salientable o número de persoas que se acollen á categoría de *non sabe/non contesta* ante esta cuestión (arredor do 13%).

Cadro 9: Valoración da difusión e comunicación das actividades (%)



Fonte: Enquisas á poboación.


## Medios de coñecemento das actividades

No relativo ao medios polos cales son coñecidas as actividades, sen dúbida as *redes sociais*, son sen dúbida o medio máis efectivo, xa que 38,9% dos enquisados en xeral se decatan das actividades por este medio. A isto séguelle o *boca a boca* co 27,4% e os *carteis* co 17,9%.


Se se desagrega esta información segundo o lugar de residencia, e se analizan unicamente os residentes en Teo, as *redes sociais* seguen a ocupar o primeiro posto co 35,9%, sen embargo os *carteis* cobran máis efectividade informando ao 25,6% dos enquisados.

Así mesmo, cabe destacar que entre os enquisados no teatro o 65,8% coñecen as actividades por medio das *redes sociais* e case o 45% a través de *redenasa.tv*.

Cadro 10: Medios de coñecemento das actividades (%)\*



### ENQUISAS TEATRO




Fonte: Enquisas á poboación. (\*) Porcentaxes verticais superiores ao 100% por posibilidade de resposta múltiple

## Valoración do equipamento do Auditorio da Ramallosa

En canto á valoración do equipamento co que conta o Auditorio da Ramallosa, centrámonos na análise da opinión da xente que efectivamente estivo nas instalacións recentemente e polo tanto pode valorar o equipamento actual do mesmo. Neste sentido cabe apuntar que entre os enquisados no teatro, as valoracións son moi positivas, xa que case o 30% consideran o equipamento *moi bo* e o 47,4% o considera *bo*.


Cadro 11: Valoración do equipamento do Auditorio da Ramallosa (%)



Fonte: Enquisas á poboación.

Con respecto á percepción sobre as melloras no equipamento do auditorio levadas a cabo no último ano entre os enquisados no auditorio, é bastante positiva, así máis do 25% dos enquisados perciben as instalacións *totalmente* melloradas, o 15,8% *moito e* máis do 18% *bastante*. No entanto existe ante esta pregunta un alto porcentaxe de abstención, debido a que algúns dos enquisados non tiñan visitado o auditorio con anterioridade.

Cadro 12: Percepcións de melloras no equipamento do Auditorio da Ramallosa no último ano (%)




Fonte: Enquisas á poboación.

## Valoración da colaboración de Chévere co tecido asociativo, cultural e público

No último ano Chévere ven establecendo diversos acordos de colaboración con asociacións culturais, entidades públicas e centros e ensino para ampliar a programación, chegar novos colectivos e realizar novos proxectos. Ante a pregunta sobre a valoración deste feito, tanto os enquisados en xeral como a poboación residente en Teo, consideran este tipo de iniciativas moi positivamente. Así máis do 80% dos enquisados pensan que este tipo de colaboracións son *boas* ou *moi boas*.



Cadro 13: Valoración da colaboración de Chévere co tecido asociativo, cultural e público (%)




Fonte: Enquisas á poboación.

## Valoración da colaboración de Chévere co tecido asociativo, cultural e público

Ao igual que no caso da variable anterior, a presenza de Chévere en Teo, é valorada moi positivamente tanto pola poboación residente como polos enquisados en xeral, deste modo, de novo máis do 80% dos enquisados consideran este feito como bo ou moi bo.

Cadro 14: Valoración xeral da presenza de Chévere en Teo (%)



Fonte: Enquisas á poboación.